# PROGRAMAS COMPLEMENTARIOS DE OCIO E CONCILIACIÓN

A Federación Provincial de ANPAS, co fin de dar resposta ás necesidades de conciliación das familias nos períodos non lectivos, oferta dous programas que se enmarcan tamén dentro do convenio de ocio subscrito pola Federación Provincial de ANPAS co Concello da Coruña. Estes son: CÓXEGAS E CAMPACOLES (Nadal e Verán).

O obxectivo dos mesmos é cubrir a nivel pedagóxico este tempo de lecer, con contidos, valores e actitudes desexables nos escolares, dende una perspectiva lúdica, facilitando ao tempo a conciliación da vida laboral, social e familiar.

## CÓXEGAS

O programa Cóxegas é unha proposta que da resposta á demanda de conciliación familiar e laboral para familias con fillos e fillas escolarizados en centros públicos, en tempo extraescolar durante os períodos nos que as Anpas non desenvolven actividades extraescolares (setembro e xuño).

### OBXECTIVOS

- Ofertar una vía de conciliación familiar no propio centro educativo.
- Afianzar hábitos e normas de comportamento en convivencia.
- Favorecer o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo-social e da personalidade dos nenos e nenas a través do xogo e as actividades lúdicas axeitadas a cada idade.

### PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Este programa ofrece ao alumnado a oportunidade de realizar xogos e deportes así como actividades lúdicas de animación teatral, plástica, etc. baixo un enfoque integrador, onde os nenos e as nenas serán os propios protagonistas mediante a creación dunha aventura virtual ao longo destas 3 semanas de duración do programa.

### PERÍODO DE REALIZACIÓN

- Período 1: Do 10 ao 30 de setembro de 2020.
- Período 2: Do 1 ao 22 de xuño de 2021.

### DESTINATARIOS

Escolares matriculados en colexios públicos do concello de A Coruña, precisando un mínimo de 10 participantes inscritos para a formación de grupo.

### HORARIO

De luns a venres, das 16:00 as 18:00 h.

### PREZO / CUSTO:

15 € por cada período.

### PRAZOS E LUGAR DE INSCRICIÓN

Inscrición on- line na seguinte ligazón www.fedapascoruna.org/inscripciones

- Período 1: A partires do 1 de setembro de 2020.
- Período 2: Do 3 ao 7 de maio de 2021.

> Os escolares inscritos aboarán unha única cota de 4 € en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura en todos os programas xestionados pola Federación de Anpas para ou curso 20/21.

